



BANDO

MEDIDAS COVID-19 URXENTES DE ÚLTIMA HORA

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA INFORMA QUE:

Segundo datos facilitados polas autoridades sanitarias, son 20 os casos positivos por COVID-19.

Vista a evolución positiva da situación epidemiolóxica da Comarca do Xallas, a Consellería de Sanidade publicou* onte á tarde-noite **o levantamento das medidas de prevención específicas no Concello de Santa Comba**, ditadas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecían determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19, a partir **das 00.00 do día 10 de setembro de 2020**.

Queremos agradecer á cidadanía de Santa Comba a responsabilidade e cumprimento das medidas de prevención para que o gromo xurdido en Santa Comba vaia camiño de ser controlado.

Seguirán sendo de aplicación neste Concello, as medidas de prevención que, con carácter xeral, se estableceron no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Debemos de seguir nesta liña de prudencia, prevención e responsabilidade.

Santa Comba, 10 de setembro de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García

* https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2020/20200909/2422/AnuncioC3K1-090920-3_gl.pdf